

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E O GOBERNO DE CANTABRIA PARA A CESIÓN DO USO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA "CONTA LÁCTEA"

ANTECEDENTES E OPORTUNIDADE

A Consellería do Medio Rural, de conformidade co establecido no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución Española.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices da política agrícola da Consellería en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, e executar, entre outras, as medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia, así como a formación, promoción e fomento do asociacionismo agrogandeiro.

No marco das actividades realizadas para a elaboración da Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego, a Consellería do Medio Rural dispón dunha aplicación informática denominada "Conta Láctea" que permite aos gandeiros, ás entidades de xestión técnico-económica de explotacións, cooperativas, industrias, así como a calquera outro axente interesado, determinar de maneira sinxela e intuitiva os custes de produción das explotacións, co obxectivo de dispoñer de información útil para garantir o cumprimento da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

Esta aplicación denominada "Conta Láctea" permite calcular os custes de produción das explotacións lácteas de Galicia de conformidade co establecido na normativa





contable española e actualmente está dispoñible na páxina web da Consellería do Medio Rural.

O artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, establece como un dos principios xerais de actuación das Administracións Públicas, o principio de cooperación, colaboración e coordinación e, a propia Lei regula no seu capítulo VI do título preliminar o convenio como instrumento con efectos xurídicos para a formalización de acordos entre Administracións para un fin común.

Pola súa banda o artigo 157 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, establece que as Administracións poñerán ao dispor de calquera delas que o solicite as aplicacións, desenvoltas polos seus servizos ou que fosen obxecto de contratación e de cuxos dereitos de propiedade intelectual sexan titulares, salvo que a información á que estean asociadas sexa obxecto de especial protección por unha norma.

Así mesmo, o artigo 158 da citada norma prevé a transferencia de tecnoloxía entre Administracións.

Tendo en conta o anterior, mediante este convenio preténdese establecer o marco de colaboración para a cesión gratuíta do uso da aplicación "Conta Láctea" de titularidade da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia ao Goberno de Cantabria.

FINALIDADE

Para os efectos sinalados, esta Consellería ten previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de 4 anos, podéndose acordar a súa prórroga por un período máximo doutros catro anos en calquera momento anterior á finalización do prazo de vixencia.

OBXECTO

O seu obxecto é regular o marco de colaboración entre ambas administracións para a cesión gratuíta do uso da aplicación "Conta Láctea" por parte da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia ao Goberno de Cantabria.





FINANCIAMENTO

A sinatura deste convenio non implica obrigas económicas entre as partes asinantes, realizándose a cesión da aplicación informática "Conta Láctea" á Comunidade Autónoma de Cantabria por parte da Consellería do Medio Rural con carácter gratuíto.

LEGALIDADE

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

En atención ao anterior e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Así mesmo, para a tramitación deste convenio tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Silvestre José Balseiros Guinarte

